



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aprobación DEFINITIVA 10ª modificación RPT

Unha vez aprobada definitivamente a décima modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello e actualización salarial ao S.M.I, por acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o dezanove de xuño de dous mil vinte e seis, tras transcorrer o preceptivo prazo de reclamacións sen que se presentara ningunha, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o art. 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, a continuación reflíctese o resumo das modificacións aprobadas:

- 1.- Actualízase o importe vixente do incentivo ao rendemento dos postos de traballo das auxiliares de axuda no fogar, con códigos do 2321 ao 2329 que procedan, que pasará a ser de 534,93 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2026.
- 2.- Actualízase o importe vixente do complemento específico dos postos de traballo das limpadoras, con códigos do 4219 e 4220, que pasará a ser de 209,58 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2026.

Contra a aprobación definitiva desta modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo establece o artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Monfero, 28 de xullo de 2026

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo